

PREGUNTA DE AER RELATIVA AO TRÁFICO PESADO NAS FUTURAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DO NOVO COLEXIO NA FINCA DA “XINARIA” (Rex. Entrada 21.02.2018, 2018-E-RPLN-4).

PLENO 22 MARZO 2018. ACTA 05/2018

“Pregunta sobre o tráfico pesado nas futuras obras de construción e urbanización do novo colexio na finca da “Xinaria”

Aínda que non hai data prevista para o inicio das obras do futuro centro educativo, neste concello a raíz da ampliación da AP-9 quedou claro que unha cousa é o proxecto en papel e outra moi distinta é a execución das obras no terreo. Coas construtoras xa se sabe: os beneficios van por diante. Toda obra deste calado supón un tránsito continuo de vehículos de gran tonelaxe na fase de acondicionamento do terreo e encofrado. Tendo en conta que a intersección que dá acceso á finca da “Xinaria” na estrada N-552 actualmente é unha confluencia de tres estradas nun mesmo punto, no que cruzan e circulan peóns sen ningún tipo de paso seguro, e tendo en conta que a actuación prevista para este punto queda apartada para unha terceira fase que pode tardar anos preguntamos:

- Vai realizarse algún tipo de mellora de carácter provisional nesta intersección para evitar problemas de tráfico e garantir a seguridade dos viandantes?”

Resposta Arturo González: a III fase non vai durar anos. Hai un proxecto feito. Na realización destas obras tomaranse as medidas necesarias para garantir a seguridade dos viandantes.